

Orde do 9 de setembro de 2009 pola que se convocan para a elección de destino provisional os/as aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de museos, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007.

En virtude da orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de decembro de 2007 (DOG número 7, do 10 de xaneiro de 2008), convocouse o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de museos.

O tribunal designado para cualificar o dito proceso acordou facer pública e elevar á Dirección Xeral da Función Pública a relación de aspirantes que o superaron na súa Resolución do 17 de xullo de 2009 (DOG número 145, do 27 de xullo).

Co obxecto de que os/as aspirantes que superaron o dito proceso selectivo poidan ser nomeados funcionarios do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de museos, e segundo o disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e demais normativa concordantes, esta consellería

DISPÓN:

Convocar os/as aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de museos, ao acto de elección de destino provisional que terá lugar no salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela), o día 23 de setembro de 2009, ás 10.45 horas.

Os/as aspirantes convocados poderán elixir entre os postos que se relacionan no anexo desta orde segundo a orde acadada no proceso selectivo, sempre que reúnan as condicións exixidas nel.

Os/as aspirantes da quenda de promoción interna terán en todo caso preferencia sobre os/as aspirantes provenientes do sistema de acceso libre para cubrir as vacantes correspondentes.

Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI ou outro documento que acredite fidedignamente a súa personalidade; no caso de non comparecer persoalmente, poderán ser representados por terceiras persoas con poder notarial suficiente.

Aos/ás aspirantes que non comparezan persoalmente ou por medio de representantes seralles adjudicadas en destino provisional as prazas que lles correspondan atendendo á orde de publicación destas e ao número obtido no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adjudicación das prazas aos/ás aspirantes presentes ou representados, entre as que quedasen sen adjudicar.

No caso de solicitar excedencia voluntaria por incompatibilidade, deberán presentarse ao chamamento cun certificado do responsable da unidade de persoal en que conste que o interesado presta servizos na actualidade na Administración, ou ben documentación que o acredite.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase presentar recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde esa mesma data, no caso dos aspirantes da quenda de promoción interna, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, e, no caso dos do sistema de acceso libre, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

ANEXO

Relación de vacantes do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de museos

Núm.	Posto_RPT	Cons.	Denominación	Nivel	Centro destino	Centro directivo	Concello	Formación	Observacións
1	CUC994010136040001	CU	Técnico superior de museos	20	Museo Massó	Servizos periféricos	Bueu	Facult. Secc. Museos (Req. Indisp.)	Xornada mañá ou tarde
2	CUC994020132680005	CU	Técnico superior de museos	20	Museo Etnolóxico de Ribadavia	Servizos periféricos	Ribadavia	Facult. Secc. Museos (Req. Indisp.)	Xornada mañá ou tarde

Resolución do 5 de agosto de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 287/2009, interposto por Pedro J. Landeira Méndez.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia providencia pola que

se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.O. 287/2009, interposto por Pedro J. Landeira Méndez, contra a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 26 de febreiro de 2009 (DOG nº 44, do 4 de marzo) pola que se procede ao nomeamento como funcionarios do corpo administrativo da Xunta de Galicia, grupo C, dos aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007.